

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de LINGUA INGLESA pendente de cursos anteriores

ALUMNOS da ESO

O alumnado con Inglés pendente de cursos anteriores(pendentes de 3ºESO, pendentes de 2ºESO, pendentes de 1ºESO) deberá seguir un protocolo de recuperación baseado na realización de actividades de reforzo ou repaso nos que se traballen as distintas competencias.

A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

A avaliación constará das seguintes probas escritas:

- **1ª avaliación: Proba obxectiva escrita** dos tres primeiros temas (Introduction, Module 1, Module 2) .Esta proba comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary).
- **2ª avaliación: Proba obxectiva escrita** dos 5 temas (Introduction, Module 1, Module 2, Module 3, Module 4, Module 5) .Esta proba comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary).
- **3ª avaliación:** Os alumnos que non acadaron una cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación terán unha **RECUPERACIÓN** cunha **proba obxectiva escrita** dos 5 temas (Introduction, Module 1, Module 2, Module 3, Module 4, Module 5) (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary).

Estas probas serán cualificadas cun 100%.

O alumnado será informado trimestralmente no boletín de avaliación.

ALUMNOS de BACHARELATO

O alumnado de 2º de Bacharelato con Inglés pendente do curso anterior (1º de Bacharelato) seguirá un protocolo de recuperación baseado na realización das actividades de reforzo e repaso do curso anterior nas que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual (2ºBacharelato) titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. Tamén se terán en conta, por tratarse dunha materia progresiva, os resultados do curso actual no que está matriculado o alumno:

- **Se aproban a 1ª e 2ª avaliación no curso actual terán recuperada a materia pendente.**

- **1ª avaliación:** Dado que os contidos da Lingua Inglesa correspondentes á 1ª avaliación son repaso e reforzo do curso anterior, a nota de Inglés pendente nesta avaliación será a mesma que acaden no curso actual.

- **2ª avaliación: Proba obxectiva escrita** de toda a materia pendente (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary). A nota desta avaliación será a mais favorable ao alumno entre dita proba escrita ou a nota de avaliación do curso actual.

- **3ª avaliación:** Os alumnos que non acadaron una cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación terán unha **RECUPERACIÓN** cunha **proba obxectiva escrita** de toda a materia (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary).

Estas probas serán cualificadas cun 100%. O alumnado será informado trimestralmente no boletín de avaliación.